

ANUNCIO

BASES DO CERTAME DE DEBUXO E ILUSTRACIÓN “TRAZOS POLA IGUALDADE” ORGANIZADO POLA ÁREA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE ARZÚA CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

DON DANIEL MOSCOSO SIXTO, TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA), aprobou por decreto n.º 125 de data 28 de febreiro de 2025, as seguintes bases e convocatoria do Certame de debuxo e ilustración “Trazos pola igualdade”:

O Concello de Arzúa, con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres,, convoca o certame de debuxo e ilustración "Trazos pola igualdade", dirixido a crianzas e mocidade, segundo as seguintes bases:

1. OBXECTO DO CERTAME

O presente certame ten como finalidade promover a reflexión e a creatividade en torno á igualdade de xénero e ao papel das mulleres na sociedade a través da creación artística, fomentando a participación da mocidade nunha iniciativa que busca xerar un espazo de diálogo e concienciación social.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

O certame de debuxo e ilustración "Trazos pola igualdade" consta das seguintes categorías:

- Categoría infantil 1: persoas nadas entre os anos 2016 e 2018 (ambos inclusive)
- Categoría infantil 2: persoas nadas entre os anos 2013 e 2015 (ambos inclusive)
- Categoría xuvenil 1: persoas nadas entre os anos 2009 e 2012 (ambos inclusive)
- Categoría xuvenil 2: persoas nadas entre os anos 2000 e 2008 (ambos inclusive)

Poderán participar crianzas e mocidade con residencia en Arzúa ou que estean estudando ou traballando no termo municipal.

3. TEMÁTICA

As ilustracións deben estar relacionadas co 8 de marzo e promover valores acerca da igualdade entre homes e mulleres, empoderamento feminino e visibilización das mulleres na sociedade.

4. REQUISITOS DAS OBRAS

Cada participante poderá presentar un só debuxo ou ilustración, que deberá cumprir as seguintes características:

- As obras deben ser orixinais e inéditas, non premiadas nin publicadas previamente.
- A técnica é libre, podendo empregarse ilustración dixital ou tradicional.
- O formato das obras deberá ser DIN A4 en vertical ou horizontal.
- As obras presentadas en formato dixital deberán entregarse en formato PNG ou JPG cunha resolución mínima de 300 dpi.
- No caso de obras realizadas en soporte físico, estas deberán ser entregadas en formato orixinal sen montar nin enmarcar.

5. PRESENTACIÓN DAS OBRAS

As persoas que desexen participar poderán realizar a súa inscrición tanto de xeito presencial como online, entregando a seguinte documentación:

- No caso de inscrición presencial, obra orixinal que se presenta ao certame.

- No caso de inscrición online, obra dixital ou dixitalizada que se presenta ao certame.
- Formulario de inscrición formulario no que se dará consentimento para a reprodución, edición e exhibición da obra por parte do Concello de Arzúa en calquera medio ou publicación (Anexo I).
- No caso de persoas menores de idade, autorización para poder participar no certame asinado pola nai, pai, representante legal ou titor/a legal (Anexo II),
- No caso de non residir en Arzúa, documentación que acredite estar vinculado/a ao concello (certificado de estudos ou de traballo).

As inscricións presenciais realizaranse na Casa das Mulleres do Concello de Arzúa (Rúa San Vicente s/n), mentres que para as incricións online habilitarase un formulario que estará dispoñible na páxina web municipal.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación das obras será de 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

Non se admitirán traballos fóra deste prazo.

7. PREMIOS

Concederase en cada unha das categoría dous premios consistentes en bonos a canxear nos establecementos adheridos ás campañas desvoltas polo Concello de Arzúa en materia de igualdade e violencias machistas.

O valor dos bonos será o seguinte:

- 1º Premio: 100€
- 2º Premio: 50€

A entrega dos premios realizarase nun acto público no Concello de Arzúa. As persoas gañadoras serán notificadas previamente a través dos datos de contacto proporcionados.

O prazo para gastar os bonos será o establecido no decreto de concesión de premios, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

8. XURADO E FALLO

O xurado estará composto por persoas vinculadas ao mundo da arte e con traxectoria e con coñecementos en materia de igualdade e feminismo.

O fallo do xurado será inapelábel e darase a coñecer na páxina web, sede electrónica e redes sociais do Concello de Arzúa.

O xurado resérvase o dereito de declarar deserto calquera dos premios se considera que as obras non acadan a calidade suficiente.

9. DEREITOS DE REPRODUCCIÓN E COMUNICACIÓN PÚBLICA DAS

As persoas participantes no certame, polo mero feito de selo, ceden ao Concello de Arzúa, a título gratuito, e por un prazo máximo de 10 anos, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras que presenten, podendo o Concello da Arzúa, durante o devandito prazo, utilizar as obras, sempre no ámbito das súas competencias.

As persoas autoras conservarán, en calquera caso, os dereitos para facer que se recoñeza a súa condición de tales, e á integridade das súas obras, de forma que o Concello da Arzúa non poderá modificar ou alterar as obras sen o consentimento da persoa autora.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no certame implica a aceptación total destas bases. O Concello de Arzúa resérvase o dereito de modificar calquera aspecto non previsto nestas bases se as circunstancias así o requiren.

11. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O presente artigo ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na normativa de protección de datos en canto á información que debe facilitarse ás persoas interesadas. En virtude diso infórmase:

- (a) Ten a condición de responsable do tratamento o Concello de Arzúa
- (b) A finalidade para o tratamento de datos persoais en relación co procedemento de selección de participantes do CERTAME DE DEBUXO E ILUSTRACIÓN “TRAZOS POLA IGUALDADE” tendo como bases de lexitimación xeral as seguintes:

I. Estarán lexitimados polo interese público os tratamentos de datos realizados para a xestión do procedemento de selección como a xestión de solicitudes e os actos de instrución.

II. Terán como base de lexitimación o cumprimento dunha obrigaón legal os seguintes tratamentos en relación coas normas que se citan a continuación:

- (a) As publicacións realizadas con efectos de notificación de acordo coas normas do procedemento.
- (b) As publicacións realizadas en páxina web do Concello e o taboleiro de anuncios esixibles pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- (c) O responsable do tratamento poderá obter aqueles documentos para achegar no procedemento que se achen en poder doutras administracións públicas, salvo que vostede opóñase na solicitude.
- (d) Así mesmo, aquela información persoal declarada pola persoa interesada e que obre en poder das Administracións Públicas, o responsable poderá efectuar no exercicio das súas competencias as verificacións necesarias para comprobar a exactitude dos datos.
- (e) Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade con normativa de arquivos e documentación.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais a mediante escrito dirixido a Concello de Arzúa con sede na rúa de Santiago, 2, 15810 – Arzúa. A persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do Delegado de Protección de Datos cuxos datos de contacto son: Ramón Santos Pérez (ramon@nossoluciones.es). Así mesmo, no caso de que entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través da sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

Información adicional: <https://arzuaga.gal/politica-privacidade>

ANEXO I

A) TÍTULO DA OBRA: _____

B) CATEGORÍA NA QUE SE PRESENTA:

- Categoría infantil 1: persoas nadas entre os anos 2016 e 2018 (ambos inclusive)
- Categoría infantil 2: persoas nadas entre os anos 2013 e 2015 (ambos inclusive)
- Categoría xuvenil 1: persoas nadas entre os anos 2009 e 2012 (ambos inclusive)
- Categoría xuvenil 2: persoas nadas entre os anos 2000 e 2008 (ambos inclusive)

C) AUTORÍA DA OBRA

- NOME E APELIDOS: _____
- DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN (NIF/DNI/PASAPORTE/OUTROS): _____
- SEXO: _____
- DATA DE NACEMENTO: _____
- DOMICILIO: _____
- TELÉFONO: _____
- CORREO ELECTRÓNICO: _____

AUTORIZO a comprobar os meus datos no padrón municipal no Concello de Arzúa e consinto a reprodución, edición e exhibición da obra por parte do Concello de Arzúa en calquera medio ou publicación

Sinatura da persoa autora

ANEXO II

AUTORIZACIÓN DO REPRESENTANTE LEGAL, NAI, PAI OU TITOR/A LEGAL PARA A PARTICIPACIÓN DE NENAS, NENOS, MOZAS E MOZOS DE MENOS DE 18 ANOS

Eu, D/Dª: _____
Co seguinte DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN (NIF/DNI/OUTROS): _____

AUTORIZO a: _____
como representante legal, nai, pai ou titor/a legal e consinto a súa participación no certame de debuxo e ilustración "Trazos pola igualdade" do Concello da Arzúa, a comprobar os datos da miña filla ou fillo no padrón municipal no Concello de Arzúa e consinto a reprodución, edición e exhibición da obra da miña filla ou fillo por parte do Concello de Arzúa en calquera medio ou publicación.

Sinatura do/da representante legal, nai, pai ou titor/a legal

Información básica sobre Protección de datos Responsable: Concello de Arzúa. Finalidade: Prestar os servizos solicitados. Lexitimación: Misión de interese público. Persoas destinatarias: Non están previstas cesións de datos a terceiros. Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional, que pode exercer dirixíndose a ramon@nossoluciones.es. Procedencia: A propia persoa interesada. Información adicional: [https:// arzua. gal/ politica- privacidad](https://arzua.gal/politica-privacidade)

Arzúa, 28 de febreiro de 2025

O alcalde

Asdo.: Xoan Xesus Carril Ramos